

CONVOCATORIA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE COMUNICA A REALIZACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE ENTRE VARIOS ASPIRANTES DA LISTA DE RESERVA DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA O MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMBADOS

1. Mediante a Resolución do 5 de setembro de 2024 do Departamento territorial da Consellería do Mar en Vigo foi convocado un proceso selectivo para a cobertura de trece (13) prazas de marisqueo a pé no ámbito territorial da Confraría de Pescadores de Cambados.

2. Unha vez publicadas as puntuacións provisionais das persoas admitidas e excluídas, o 15 de novembro de 2024, pasado o prazo de presentación de alegacións e antes da resolución definitiva, realizouse o 17 de decembro de 2024 un sorteo para resolver os empates entre 37 persoas con 10 puntos, segundo o establecido na normativa vixente.

3. Mediante Resolución do 19 de decembro de 2025 fíxose pública a lista definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo e a das non seleccionadas, que constitúe unha lista de reserva.

4. A lista de reserva foi empregada en diversas ocasións ao longo do ano da súa vixencia para cobertura das prazas vacantes, previa petición da Confraría de Pescadores de Cambados.

5. O 25 de novembro, 1 e 16 de decembro de 2025 a Confraría de Pescadores solicita a cobertura dun total de cinco (5) vacantes. Compróbase que entre as persoas da lista de reserva que poderán ser seleccionadas existen tres (3) empates con 8,50 puntos que deberán ordenarse previamente e establecer a súa prelación mediante o sorteo establecido na normativa vixente.

Á vista do exposto, este departamento territorial **RESOLVE:**

Celebrar un sorteo para dirimir o empate xurdido entre as persoas empatadas con 8,50 puntos.



Data: 15 de xaneiro de 2026

Hora : 9:00 h

**Lugar: Sala C. Planta 4 da Torre 1. Edificio administrativo da Xunta de Galicia,
rúa Concepción Arenal, 8 Vigo**

O sorteo desenvolverase da seguinte maneira:

A relación de persoas empatadas con 8,50 puntos, ordenada alfabeticamente, queda numerada segundo a lista que se presenta a continuación:

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.
1	COSTA REBOLLIDO, PATRICIA	* * * 8633 * *
2	GONZÁLEZ LEIRO, FRANCISCO JAVIER	* * * 5802 * *
3	GONZÁLEZ PIÑEIRO, NEREA	* * * 3087 * *

Meteranse tres bólas numeradas nunha bolsa e irán extraéndose unha a unha de forma aleatoria. Cada bóla que se saque colocarse sobre una táboa por orde de extracción e anotarse no listado a posición acadada por cada persoa. Desta maneira quedará establecida a orde de prelación entre elas.

A asistencia ao sorteo é voluntaria. Para poder acudir ao acto terán que remitir un correo electrónico ao seguinte enderezo, indicando o seu nome, apelidos e DNI: recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

Prazo máximo para confirmar asistencia: mércores, 14 de xaneiro de 2026, ás 14:00h

De ser o caso, cando outra persoa asista no lugar dalgunha das persoas convocadas, deberá presentar no momento da entrada ao acto un documento no que acredite a súa representación debidamente cuberto, indicando os datos identificativos e sinatura da persoa aspirante e a persoa autorizada.



Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, esta comunicación de sorteo realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios do departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

A directora territorial

María Elena Suárez Sarmiento

Por suplencia da directora territorial (Resolución do 13.05.24)

Xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Carmen de Benito Caula

